



**BIBLIOTECAS
municipais**

son a túa historia



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA





Música: Skip & die, Dios ke te Crew, listas de reproducción en MP4...

Cine: a última temporada da miña serie favorita: Dexter, Doctor Who, Juego de Tronos...

Internet/equipos informáticos: escaneado, impresión, redes wi-fi...

Cómic: Bone, calquera de David Rubín...

Redes sociais: blog del cómic, Twitter...

Libro: Gatos en tu piso...

Prensa/revistas: Rolling Stone, Hobby consolas...

Actividades: club de cómic, aulas para traballos en grupo...

Que me ofrecen as Bibliotecas Municipais?

Ofrécenche un mundo de posibilidades: periódicos, revistas, cine, música, libros, videoxogos, acceso á internet... Para informarte, para formarte, para gozar... **As Bibliotecas Municipais son espazos para todas e todos**, cheos de relatos por descubrir, de xente por coñecer, de posibilidades por explorar.

- **Clubs de lectura.** Escollemos, lemos e comentamos un libro en grupo. Nas bibliotecas e tamén no club virtual.
 - **Actividades para nenos e nenas:** obradoiros, contacontos, clubs, actividades con familias, bebetecas...
 - **Actividades formativas:** español para persoas extranxeiras, grupos de idiomas, formación de adultos, acceso e uso das tecnoloxías: internet, ofimática etc.
 - **Conferencias, charlas.** Para saber máis de..., para coñecer e debater ideas e opinións.
 - **Obradoiros:** descubre e practica as túas afeccións, compárteas con xente... Banda deseñada, gafitti, fotografía, arte...
 - **Encuentros con autores:** coñece os/as autores/as, as súas razóns, as súas inspiracións...
 - **Colaboración cos centros de ensino:** asesoramento aos mestres e bibliotecarios, préstamo de materiais de lectura, visitas e actividades, seleccións bibliográficas...
 - **Visitas guiadas:** para descubrir todo o que as bibliotecas teñen para ti.
 - **Colección Local.** Todo o que necesites para coñecer o pasado e o presente da Coruña.
 - **Préstamo de locais e espazos.** As Bibliotecas Municipais son de todos, son o teu espazo: exposicións, mesas redondas, cursos...
 - **Un equipo de profesionais á túa disposición.** Para axudar, para aconsellar, para guiar, para informar, para escoitar...
- Abertas a escoitar as túas necesidades e demandas, a mellorar coas túas novas ideas e suxestións.**

As Bibliotecas teñen o que ti precisas





Música: tangos de Gardel, Led Zeppelin...

Libro: *Las relaciones en la madurez...*

Internet/equipos informáticos: cursos de iniciación...

Cine: *El hijo de la novia*

Prensa/revistas: os periódicos do día, Tiempo...

Cómic: cómic europeo: Jacques Tardí...

Actividades: club de lectura...

Que podo facer nas Bibliotecas?

Podes solicitar información de todo tipo, consultar Internet, contar coas nosas recomendacións de lectura e suxerirnos melloras... Tamén escoitar un CD de música, ver unha película, ler un libro... **ou mesmo levalo en préstamo á casa.**

- **Música.** Desde música clásica a flamenco, jazz, folk, hip hop, rock... Ritmos para todos os gustos e momentos. Bandas sonoras.
- **Cine.** Podes ver cine negro, comedias, ciencia ficción, cine de animación... Clásicos e contemporáneos. Cine de autor. Series.
- **Libros impresos e electrónicos.** Escolle entre máis de 100.000 títulos. Seguro que algún haberá que che interese.
- **Prensa e revistas.** Le a prensa diaria, prensa retrospectiva da Coruña e Galicia e revistas de actualidade.
- **Wi-fi.** Podes conectar o teu portátil, tableta ou móbil á nosa rede.
- **Ordenadores de uso público con acceso á Internet.** Podes reservar un na biblioteca ou dende a web. Gravar e imprimir o que necesites. Ademais proporcionámosche acceso á base de datos legislativa Aranzadi.
- **Préstamo.** Tanto se es un particular como se representas a unha entidade (centro docente, asociación, ONG etc.), podes levar en préstamo libros, revistas, películas, música etc. Se tes a mobilidade reducida, temporal ou permanente, podes solicitar o servizo a domicilio. Tamén, dende a casa, préstamo de libros electrónicos mediante descarga ou lectura en liña.
- **Reserva de libros.** Tes a posibilidade de reservar na túa biblioteca ata dous libros e, cando o libro estea dispoñible, avisarémoste por teléfono, correo electrónico ou sms.
- **Suxestións de compra.** Podes suxerirnos a compra de libros, revistas, cine, música, cómics... que che interesen e que botes en falta.
- **Actividades.** Participa nelas para formarte, informarte e gozar.

Agás as fotocopias e impresións, todo isto é de balde. Só necesitarás, para o uso de moitos destes servizos, a inscrición previa como socio/a nas Bibliotecas. Inscríbete gratis e recolle o teu carné das Bibliotecas Municipais.

Podes "conquistar" as Bibliotecas





As Bibliotecas Municipais na internet

As Bibliotecas Municipais tamén na internet as 24 horas do día e os 7 días da semana. Desde a web das Bibliotecas ata as redes sociais, pasando polos blogs temáticos.

• Os blogs das Bibliotecas Municipais:

Bebeteca, actividades para bebés, lecturas para pais e nais, noticias de interese, atención de consultas...
<http://bebeteca.wordpress.com/>

Bibliosons, recomendacións das músicas que se len e se escoitan de aquí e de acolá e escaparate da creación musical coruñesa e galega. -
<http://bibliosons.wordpress.com>

Clubs de lectura, lecturas recomendadas, novas sobre literatura, obras e autores; ademais serven como caderno de notas dos libros lidos nos nosos clubs <http://clublecturacoruna.wordpress.com/>

Club Queeruña, primeiro club de lectura de temática LGTBI+ de Galicia. É un espazo de diálogo sobre cultura LGTBI <https://clubdelecturaqueerunha.wordpress.com>

Club virtual de lectura, para os que queren formar parte dun club de lectura e non atopan tempo para acudir ás sesións presenciais.
<https://ciberclublectura.wordpress.com>

Corto e cambio, suxestións de lectura
<http://peacarbollo.wordpress.com>

Fancómic, todo sobre o mundo do cómic <http://www.fancomic.es>

Suma Ágora, información relativa ao proxecto sociocomunitario desenvolvido na biblioteca Ágora: memoria e historia, actualidade e mapa de recursos dos barrios de influencia...
<http://sumagora.wordpress.com/>

• E ademais:

Facebook, faite fan da nosa páxina <http://www.facebook.com/bibcoruna>

Twitter, sigue os nosos "chíos" e déixanos seguir os teus <http://www.twitter.com/bibcoruna>

Instagram, capturamos e compartimos contigo imaxes de espazos, persoas, coleccións, momentos...
www.instagram.com/bibcoruna

Flickr, visita as nosas galerías virtuais de fotos <http://www.flickr.com/photos/bibliotecacoruna/sets>

Youtube y SoundCloud. Canles propias de audio e vídeo para ver actividades, lembrar momentos, escoitar seleccións e recomendacións musicais... www.youtube.com/user/bibliotecacoruna
<https://soundcloud.com/bibcoruna>

Slideshare, Calameo. Pasea polos nosos almacéns de guías e folletos de todas as temáticas: <http://www.slideshare.com/bcoruna> e <http://es.calameo.com/accounts/3492127>

Pinterest, explora as nosas novidades, os máis prestados, os máis recomendados, os tesouros máis ocultos dos nosos andeis etc.
<http://pinterest.com/bibcoruna>

Whatsapp, se tes dúbidas sobre o uso dos recursos das bibliotecas, horarios e actividades podes contactar connosco a través do *whatsapp* **607 579 679**

Contacta connosco:
bibliotecas@coruna.es

Guías de viaxes: *Ámsterdam, Camiños do Courel...*

Cine: cine de autor: *Lars von Trier, Kim Ki-duk...*

Internet/equipos informáticos: diarios dixitais en liña...

Redes sociais: blog do club virtual, recursos seleccionados en Delicious...

Libro: algún dos recomendados polas Bibliotecas, *#recomendamosbmc*


Prensa/revistas: *Ser padres, Speak up* para mellorar o inglés...

Actividades: *Merendas con contos* cos fillos, charlas e debates sobre temas de actualidade...



24 h - 7 días
www.coruna.es/bibliotecas





Onde encontro unha biblioteca municipal?

BIBLIOTECA MUNICIPAL **ÁGORA**

Lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña
Teléfono 981 189 886 / fax: 981 189 887
bagora@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL **OS ROSALES**

Praza Elíptica 1, 1º, 15011 A Coruña
Teléfono: 981 184 389 / fax: 981 184 351
brosales@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DO **CASTRILLÓN**

Praza de Pablo Iglesias, s/n, 15009 A Coruña
Teléfono 981 184 390 / fax: 981 184 391
bcastrillon@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL **SAGRADA FAMILIA**

Rúa Antonio Pereira 1, bx., 15007 A Coruña
Teléfono: 981 184 392 / fax: 981 184 393
bsagradaf@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL DE **ESTUDIOS LOCAIS**

Rúa Durán Loriga, 10, 1.º, 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 386 / fax: 981 184 385
bestudiosl@coruna.es

PUNTO DE SERVIZO BIBLIOTECARIO DE **MESOIRO**

Centro Cívico Mesoiro,
Rúa Os Ancares 15, 15190 A Coruña
Teléfono: 981 184 370
bmesoiro@coruna

BIBLIOTECA MUNICIPAL **FÓRUM**

METROPOLITANO
Rúa Río Monelos, 1, 15006 A Coruña,
Teléfono: 981 184298 / fax: 981 184 295
bforum@coruna.es

SERVICIO MUNICIPAL DE BIBLIOTECAS

Información e coordinación da rede de bibliotecas
Rúa Durán Loriga 10, 1º, 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 384 / fax: 981 184 385
smb@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL **INFANTIL E XUVENIL**

Rúa Durán Loriga, 10, bx, 15003 A Coruña
Teléfono: 981 184 388 / fax: 981 184 385
binfantil@coruna.es

BIBLIOTECA MUNICIPAL **MONTE ALTO**

Rúa Vereá do Polvorín, 3, 3º, 15002 A Coruña
Teléfono: 981 184 382 / fax: 981 184 383
bmontealto@coruna.es

Consulta os horarios nas bibliotecas ou na web:
www.coruna.gal/bibliotecas/horarios

Tes unha biblioteca preto de ti!



Esta é a chave da túa Biblioteca

O carné de socio das Bibliotecas Municipais e a tarxeta Millenium permitiránche gozar de todos os servizos e vantaxes que ofrece a rede de bibliotecas e recibir información sobre as diferentes actividades que se organicen. Un só carné que poderás usar en

calquera das nosas bibliotecas, imprescindible para servizos como o uso de ordenadores ou o servizo de préstamo. **Un carné sen ningún tipo de custo e moi sinxelo de solicitar na túa biblioteca máis próxima ou a través da web.**



son a túa historia



 **COMO CHEGAR?**

